

# "PEGADAS NA IAUGA"

PATRIMONIO INMATERIAL: A SEMENTE



## NOME DO PROXECTO

"PEGADAS NA IAUGA"  
PATRIMONIO INMATERIAL:  
a semente"

## PROMOVEN

Biblioteca Escolar "Carlos Labraña" do CEIP  
Nicolás del Río (Cedeira) e Biblioteca Escolar  
Punta Candieira do IES Punta Candieira  
(Cedeira)

## DESENVOLVEN

Alumnado de 3º A de Primaria e de 1º de  
Bacharelato de Antropoloxía

## ENLACE AO PROXECTO

## MEMORIA INDIVIDUAL MODALIDADE 3

### A-.INTRODUCCIÓN:

O traballo conxunto entre o alumnado das bibliotecas escolares [Carlos Labraña](#) e [Punta Candieira](#) no curso anterior, agromou nun novo proxecto que ten como fío condutor a auga.

A investigación desenvolveuse enmarcada no "currículo cedeirés" que está recollido nas liñas prioritarias da biblioteca Carlos Labraña, co obxectivo de coñecer, valorar e transmitir o patrimonio inmaterial da nosa vila.

O proxecto iníciase con [moitas dúbidas](#), para achar as respostas recórrese a diversas fontes documentais, sendo a biblioteca a que incorpora novas linguaxes, soportes, formatos, xera ideas e cambios na comunidade. A través dunha metodoloxía activa, ten en conta o saber do pobo, búscase que o alumnado sexa capaz de recoller información de diversos medios e con orientacións sexa capaz de contrastar fontes fidedignas, téntase empoderar ao alumnado cara unha actitude crítica na análise e selección de datos co

obxectivo de crear coñecemento.

A comunicación da información faise a través dunha [exposición fotográfica](#), a estrea dun [documental](#) e unha pequena actuación o 19 de xuño. Para asegurar a difusión créase un [díptico](#) con códigos QR que enlazan a algunhas das actividades realizadas durante o proxecto documental integrado.



Foto 1: Dramatización do proceso de lavado na fonte das Saiñas



Foto 2: Detalle díptico polo fronte e por detrás



Foto 3: Detalle díptico por dentro

Engádesse a continuación e como xustificación, a Táboa 1 (\*), na que se describe todo o referido a contidos curriculares, criterios e estándares de avaliación, así como competencias clave.

RESUMO CONCRECIÓN CURRICULAR 3º EDUC.PRIMARIA  
 "PEGADAS NA IAUGA" PATRIMONIO INMATERIAL: A SEMENTE.

ACTIVIDADE	ÁREA	CONTIDOS	CRITERIOS	ESTÁNDARES	COMPETENCIAS CLAVE
SELECCIÓN DAS FONTES DE INFORMACIÓN	CIENCIAS SOCIAIS	B1.3. Busca e selección de información utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso mediante o uso do cartafol e comunicación das conclusións.	B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación dos resultados, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.	CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	CAA CCL CD CMCCT
RECOLLIDA DE DATOS	LINGUA GALEGA	B1.2. Uso de documentos impresos, dixitais e audiovisuais para obter, informacións relevantes para realizar tarefas de aprendizaxe.	B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.2. Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe.	CCL CD CAA CSIEE
POSTA EN COMÚN – RUTINAS DE PENSAMENTO	LINGUA GALEGA	B2.4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información, identificando e interpretando os datos que se transmiten mediante sinxelos gráficos e ilustracións.	B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de sinxelos gráficos, e ilustracións.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de sinxelos gráficos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.	CCL CAA CSC CMCT
ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL	LINGUA GALEGA	B3.3. Composición de textos de información sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, en situacións reais ou simuladas.	B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido.  LGB3.2.2. Redacta textos xornalísticos (noticias) e publicitarios (anuncios e carteis) de xeito creativo.	CCL CSIEE CAA  CCL CSC CCEC CAA
CREACIÓN	EDUCACIÓN FÍSICA	B4.3. Adecuación do movemento a estruturas espazo-temporais e execución de bailes e coreografías simples utilizando como base o folclore galego e outros bailes do mundo.	B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.	CCEC CAA CSC CSIEE
DRAMATIZACIÓN	MÚSICA	B2.4. Rexistro da música creada na aula mediante gravacións para a súa escoita posterior e a súa valoración.	B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.	EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.	CCEC CSC
DIFUSIÓN	LINGUA GALEGA	B3.5. Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics.	B3.4. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.	LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics.	CCL CSC CCEC CAA CSIEE

Táboa 1: \*O cadro é a modo de resumo, pode accederse ao documento completo premendo no seguinte [enlace](#).

## B-.OBJECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS:

O obxecto primordial da investigación que se amosa é a mellora da expresión oral do noso alumnado, creando coñecemento sobre o noso [patrimonio inmaterial](#), rescatando aspectos da nosa cultura que se están esquecendo, partindo dun elemento fundamental na nosa vila e que forma parte da nosa identidade: a [auga](#).



Foto 4: Detalle Museo

Amparados no currículo (que incide na lingua como instrumento para a transmisión de información e de cultura, ferramenta de creación e reflexión crítica) imos tendendo pontes de colaboración entre a comunidade, tendo unha sensibilidade especial cara eses maiores nos que as súas experiencias e aprendizaxes ao longo da vida fan que sexan axentes activos na conservación do patrimonio inmaterial, pois aglutinan en si mesmos vivencias e recordos que ao ser compartidos cobran sentido para a colectividade.



Foto 5: Alumnado na rapeta

## C- BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA:

“**Pegadas na iauga’ Patrimonio inmaterial: a semente**” articúlase nunha [exposición-museo](#) comunitario interxeracional, no que participou toda a comunidade educativa (familias, persoal docente, asociacións, xentes da vila...) e que estivo coordinado entre as Bibliotecas Escolares de Cedeira, a titora e diversos especialistas do grupo de 3ª de Educación Primaria e profesorado de 1º de Bachelato.



Co obxecto de levar a cabo un proxecto de [investigación cooperativo](#) para dar a coñecer algúns aservos relacionados coa auga e o noso patrimonio inmaterial, ofreceuse ao alumnado unha alfabetización mediática e informacional, onde a tecnoloxía e as follas dun libro foron da

man. Deste modo suceden durante todo o curso escolar unha serie de rutinas que se repetirán en varias ocasións.

### **Recollida de información:**

Comezamos coa redacción dunha [carta ás familias](#) para explicar o tipo de patrimonio cultural inmaterial que desexamos investigar, a documentación que buscamos e a súa implicación e colaboración.

### **Posta en común e selección da información través de actividades cooperativas e interactivas.**

Correspondeulle á biblioteca ser o espazo cálido para ás familias, a través dos [grupos interactivos](#) e cunha diversidade de

Dende o inicio do proxecto hai catro avoas que desexan convivir con nós

en todas as fases do proxecto e que aportaron o acervo de coñecementos e técnicas de gran valor

recursos de calidade permitiu a realización de diferentes [rutinas de pensamento](#) sobre a técnica a traballar. Rutinas que axudaron ao noso alumnado a reestruturar a información, xerando un entorno de aprendizaxe e de produción que posibilitou o pensamento crítico. Deste xeito, imos conformando [mapas mentais](#) e [borradores escritos](#) que posteriormente foron revisados e corrixidos.



Foto 6: Información da colección da biblioteca



Foto7: Información na rede



Foto 8: Rutinas de pensamento




Foto 9: Mapa mental deseñado por un unha das alumnas

### Creación artística e literaria.

Dentro do proxecto temos que diferenciar entre as creacións referidas á expresión escrita e oral, e as artísticas. Ambas se complementan para poder crear unha información que permita deixar memoria colectiva e sen esquecer a implicación constante da Competencia STEAM en todas elas.



Foto 10: Acuarelas cadernos de Adrián Taracido



Foto 11: Un mar de muineiras

CREACIÓNS "PEGADAS NA IAUGA" PATRIMONIO INMATERIAL: a semente.		
PATRIMONIO INMATERIAL	CREACIÓN	PARTICIPACIÓN
DIFERENCIANDO O PATRIMONIO MATERIAL DO INMATERIAL	Acuarelas "Unha ollada á nosa Vila"	Grupos interactivos coas familias. Comunidades de aprendizaxe.
PROCESO DE LAVADO NAS FONTES OU RÍOS	Enquisa ás avoas lavandeiras na Onda Discalza.	Actividade conxunta entre o alumnado do IES e do CEIP. Avoas lavandeiras.
	Dramatización molido e carretado na Biblioteca Carlos Labraña.	Avoas lavandeiras.
	Dramatización no lavadoiro das Saiñas.	Actividade conxunta entre o alumnado do IES e do CEIP. Avoas lavandeiras. Aturuxeiras de Cedeira. Colaboran Quique Vázquez e Andy García.
	Gravación textos para o documental na Radio Experimental.	Técnicos de son alumnado de 6º C.
	Debate radiofónico "Lavado na fonte ou na lavadora" na Radio Experimental. Escritura de escaletas para a radio.	Avoa lavandeira e pai dunha alumna. Colabora o alumnado de 6º C.
	Gravación canción "Has de cantar á beira do río".	Músicos: alumnado de 4º e 5º e mestre de música.
ALIMENTACIÓN NO CASTRO SARRIDAL	Podcast: "A vida diaria no Castro Sarridal"	Actividade conxunta entre o alumnado do IES e do CEIP. Documentación Emilio Ramil e María Xosé Rodríguez Pérez. Colabora o alumnado de 6º C e Quique Vázquez.
BAILES TRADICIONAIS	"Un mar de Muiñeiras"	Actividade conxunta entre o alumnado de Antropoloxía de 1º de Bachelato e os Vagalumes de 3º A. Ensaio: Carmen Lorenzo, Alejandro Miguez, Mª Dulcenombre Carro. Organiza CFR de Ferrol.
RAPETA	Xornada de rapeta.	Actividade conxunta entre o alumnado de Antropoloxía de 1º de Bachelato e os Vagalumes de 3º A. Organiza Museo Mares de Cedeira.
	Telexornal TV Galiza Vagalumes, sobre a rapeta.	Documentación Jose de Vigo. Colabora diverso alumnado do centro.



### Dramatización.

O deseño e preparación da parte máis lúdica e creativa do proxecto estivo ligada ás idas e vindas do alumnado entre ambas bibliotecas para dramatizar radio, tv, bailes, cancións... O que permitiu o contacto constante entre eles e deixou que aflorara a amizade. Sentimentos que xunto coa creación foron transmitidos ás familias, asociacións, xentes da vila...


## Difusión.

Ideouse un díptico coas tarefas máis representativas no que se engadiron códigos QR que levan insertados vídeos das diferentes creacións. Ademais o 19 de xuño inaugurouse unha exposición-museo dentro do CEIP Nicolás del Río, estreouse o documental "As lavandeiras" e realizáronse cancións e bailes por parte de todo o alumnado involucrado no proxecto. Esta exposición permanecerá aberta durante todo o verán en xornada de mañá.



## D-. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O PROFESORADO E O ALUMNADO:

- Soportes gráficos e rutinas de pensamento para o traballo de aula ([Clica](#)).
- Creación do documento para escribir as [escaletas](#) na Radio Experimental (o alumnado participa no concurso de podcasts).
- [Rúbrica](#) para a escritura de texto informativos.
- Xogos para [robótica](#) e [manipulativos](#).
- Reunións entre o profesorado de ámbolos dous centros.
- "[Libreto abordaxe](#)", pequeno caderno con pistas para a saída didáctica ao [Castro de Sarridal](#).
- [Carta de Percebín](#), boneco máxico e corrector para a revisión eficaz da escrita.
- [Invitacións e cartaces](#) a diversas celebracións.
- [Cartas](#) e reunións coas familias: na primeira contextualizamos o proxecto, as seguintes co a s indicación necesarias para aportar a información, convidar a participar...
- Documentación e [carta](#) para as familias e o centro sobre o lavado nos lavadoiros.



# E- RELACIÓN DE TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO:



## 1º Fase: Selección das fontes de información, recollida de datos e posta en común.

Podemos diferenciar un momento común a todos os aservos traballados que comeza coa chegada da [información](#) e a súa [lectura](#).

Mediante o [diálogo](#) respectuoso irán afondando nas súas reflexións e interpretacións, que quedarán plasmadas nas [rutinas de pensamento](#).

## 2ª Fase. Creación e dramatización.

Este proxecto é tan amplo, que tivemos que centrarnos nos intereses que ían xurdindo: radio, [televisión](#), creación literaria, plástica, música, danza... estiveron presentes ao longo do curso escolar. O seguinte cadro detalla as actividades levadas a cabo.

## 3ª Fase: Difusión.

Tiveron que enfrontarse primeiro a un público moi crítico, os seus compañeiros e compañeiras

dos centros. Pero aínda os esperaba un reto máis, queríamos que compartiran o seu proxecto con toda a comunidade educativa, co pobo, que medraran aínda máis. [Presentaron](#) e explicaron as razóns para levalo a cabo, amosaron o [documental "As lavandeiras"](#) e



fixeron unha dramatización con bailes e cancións, para logo convidar ao público á [exposición](#) e entregarlles un [díptico](#).

Para crear memoria colectiva temos que darlle visibilidade ás

técnicas do patrimonio inmaterial

traballado. Por isto, ao remate de cada actividade a difundimos no blog, na web, no facebook de ambas bibliotecas e se crearon dípticos que levan incrustados vídeos coas creacións máis representativas.





Foto 12: Difusión blog da biblioteca

Foto 13: Exposición museo



ACTIVIDADES MENSUAIS "PEGADAS NA IAUGA"		
MES	EN VALOR	ACTIVIDADES
Outubro	Escrita	-Elaboración de plantillas para mellorar a ortografía. -Percebin escribe e nos motiva a ler.
Novembro	Escrita Patrimonio Material	-Elaboración de borradores de cartas para o alumnado de antropoloxía do IES. -Que é o Patrimonio material? Debuxos, carteis, fotos... -Deseño de carteis para dar a coñecer a radio.
Decembro	Cartas e acuarelas	-Pasado a limpo das cartas para o alumnado do IES. -Debuxo e datos nos sobres. -Coñecemento de diferentes lugares da nosa vila a través do coloreado das acuarelas de Adrián Taracido.
Xaneiro	Proceso de lavado nas fontes.	-Nota informativa ás familias. -Proxecto auga. -Buscamos información. -Rutinas de pensamento -A xente da vila cóntanos o proceso. Enquisa. -Documentación sobre a roupa e os utensilios utilizados. -Visita ao IES coas avoas lavandeiras.
Febreiro	Dramatización lavado na fonte.	-Enquisa e dramatización na Biblioteca Carlos Labraña sobre a feitura do molido e o carretado dos barreños de cinc.
Febreiro	Castro de Sarridal	-Actividades gráficas en cadernos, fichas... -Elaboración dunha enquisa para a nosa arqueóloga María Xosé Rodríguez. -Visita ao Castro de Sarridal. -Rutinas de pensamento. -Alimentación Mediterránea – Patrimonio inmaterial – Esta alimentación estaría presente no noso castro? -Escritura de escaletas para a radio. -Ensaos para mellorar a expresión oral, entonación, pausas... -Gravamos o podcast: "A vida diaria no Castro Sarridal".
Marzo	Un mundo baixo a terra.	-Actividades gráficas: fauna. -Debuxos en 3D coa aplicación QuiverVision.com -Lectura do libro "Debajo de la tierra. Debajo del agua" de Aleksandra Mizielinska e Daniel Mizielinski. Editorial Maeva. -Creación do libro "Un mundo baixo a terra" polo alumnado. -Robótica cos BLUE BOT dos seres vivos. -Elaboración disfraces entroido de animais con refugallo.
Abril	Plantas.	-Documentación. -Saída didáctica. -Clasificación de especies. -Secado de follas e as clasificación. -Debuxado de follas segundo o seu bordo. -Lecturas Zen, sobre as plantas, no espazo argalleiro.
Abril	Dramatización no lavadoiro das Saiñas.	-Dramatización do proceso de lavado nun dos lavadoiros co alumnado de Antropoloxía do IES, as avoas e as Aturuxeiras de Cedeira. -Rematado de acuarelas "Unha ollada á nosa Vila" dos cadernos de Adrián Taracido. -Debate radiofónico "Lavado na fonte ou na lavadora". -Podcast: Lavandeiras.
Maio	Baile tradicional e Rapeta.	-Documentación sobre a roupa e complementos para as danzas tradicionais. -Reunión e cartas as familias sobre a roupa máis conveniente para a actuación, datas... -Ensaos da Muiñeira. -Escritura e razoamento sobre o baile tradicional. -Participación na actividade "Un mar de Muiñeiras" organizada polo CFR de Ferrol, co alumnado do IES. -Investigación sobre a Rapeta. -Rutinas de pensamento sobre a Rapeta. -Charlas informativas: "Quero ser mariñeiro. Quero ser mariñeira" organizadas polo Museo do Mar. -Xornada de rapeta na praia da Magdalena co alumnado do IES. -Telexornal: TV GALIZA VAGALUMES sobre a xornada da Rapeta.
Xuño	Actuación e exposición final.	-Creación de códigos QR das actividades máis representativas. -Invitación e cartaces para a exposición e acto final. -Creación de deseños de pezas de roupa en papel para o tendedeiro da exposición. Interactivos coas familias. -Gravación na Radio Experimental dos textos para o documental do proceso de lavado. -Ensaos da canción "Has de cantar á beira do río". -Ensaos da Muiñeira. -Gravación da canción na Onda Discalza. -Ensaio da presentación da exposición. -Montaxe da exposición. -Apertura da exposición e acto final.



## F- RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN:

### RECURSOS:

- **Humanos:** Profesorado, familias, comunidade educativa, asociacións, [museo](#), [arqueólogas/os](#), [avoas lavadeiras](#), familias dos [grupos interactivos](#), alumnado colaborador (E.P., ESO e Bacherelato) e xentes do pobo.
- **Espazos:** aulas ordinarias, bibliotecas escolares de ambos centros, biblioteca municipal, [Radio Experimental](#) e [Onda Discalza](#), [Museo Mares de Cedeira](#), lavadoiros da vila: Saiñas, Fernando Lago..., [Castelo da Concepción](#) e [Castro Sarridal](#), corredores do CEIP...
- **Materiais:** recuncho do proxecto de investigación, material funxible, cadernos de acuarelas de [Adrián Taracido](#)...
- **Informáticos e dixitais:**

- Ordenadores táctiles e impresora	- Robótica: escornabots, Beet Bots, plantillas, Mbots, ipads, impresora 3D...
Blogue de aula e da biblioteca	Redes Sociais: facebook
Cámara fotográfica e de vídeo	Ferramentas de Google: hangouts, drive, photos, youtube, correo electrónico, maps...
WeTransfer	Móbil persoal
Editores de vídeo: Quick, Movie Maker, iMovie, Vivavideo, ...	- Aplicacións: aplicacións de realidade aumentada, Word Art, Google maps, <a href="#">QuiverVision.com</a> , xenerador de códigos QR

### FONTES:

- Fotografías e fontes orais.
- **Bibliografía:** (a máis relevante)



[Anpa o Beco](#). Inventario de fontes e lavadoiros do concello de Cedeira. (2018)

Asociación maiores de Cedeira. Entre Laurussia e Gondwana. Cedeira no século XX. 4ª tiraxe.

Pillado González, Francisco. Parada en Betanzos. (2015) A Coruña. Editorial: Biblos.

Cerqueiro, Vega. As lavadeiras. Lendas e imaxes das donas do río. (2002) Vigo. A Nosa Terra.

López Díaz, André. Cedeira: imaxes para a historia. (2007). Ferrol. Embora

Brito de Freitas, Consuelo e Mejía Ruiz, Carmen. El discurso poético y las condiciones de su producción: una lectura comparada de la poesía de Rosalía de Castro y de [Cora Coralina](#). (2004).

Universidad Complutense de Madrid. Disponible en: <https://eprints.ucm.es/5342/1/T27646.pdf>

Ramil González, Emilio. Tomás Botella, Victor. López Loureiro, Rafael. Arqueoloxía no concello de Cedeira. (2000) Cedeira. Fundación Municipal Villabride.

### - **Musicais:**

**Interpretación de Beatriz Leonardo Labraña e Elsa López Lourido.** Acordeón: Beatriz Leonardo. Pandeiro: Elsa López. Adaptación: Beatriz Leonardo Labraña sobre "Lavandeira da noite".

**Interpretación dos Vagalumes e de diverso alumnado de 4º e 5º de E. Primaria.** Canción: Has de Bailar á beira do río. Cancioneiro popular de Galicia. Eu non canto por cantar. (2014). Imprenta: Agencia Gráfica Gallega.

**Interpretación Silvia Picos.** Muiñeira de Verdillo. Asoc. Buxainas.

Rosalía pequeniña. (2013) Sonárbore. Editorial Galaxia, S.A.

Blanco, Magín. A nena e o grilo nun barquiño. (2013). Altafonte.

Díaz, Xavier. Fernández, Guillerme. Arrolos de salitre. (2010) Músicas de salitre.

### - **Artísticos**

Macide, Carlos. Lavandeiras (1956) Óleo sobre lenzo. Colección Legado Carlos

Macide. Exposición Fundación Luis Seoane. A Coruña. Disponible en: <https://www.arte.gal/2016/06/02/carlos-maside-luis-seoane-aquel-abrazo/>

Museo arqueológico nacional. Madrid. Disponible en: <http://manvirtual.es/>

Troitiño, Rubén. Muiñeira para Antonio Fragua. (2019. Cerdedo-Cotobade. Disponible en: <http://www.rubentroitino.com/?fbclid=IwAR3sIMyyA0ZSL62ZU3DKLX2jmgKYiZsCAyZnwo5us40OyN6mhjd6z162sHK>



Foto 14: Músicos e cartaz exposición

## G- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO SEU CASO:

"Pegadas na iauga" nace e medra gracias á rede que se tece entre as Bibliotecas Escolares de Cedeira, a participación de toda a comunidade educativa, a implicación total das familias, a colaboración de asociacións, o Museo Mares de Cedeira, o [Concello de Cedeira](#) e diversos axentes sociais da nosa vila que deixaron o seu legado, e os sentimentos e as emocións que moveron a todo o alumnado e profesorado que participou e que crearon un terreo común no que as comunidades se atoparon e se apoiaron.


## H-DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

Dende o inicio ata o fin do proxecto se divulgaron todos os traballos realizados por diferentes medios de comunicación: blogs das Bibliotecas Escolares “Carlos Labraña” e “Punta Candieira”, web e facebook do Ceip Nicolás del Río e facebook da Biblioteca “Punta Candieira”, Radio Experimental, Onda Discalza... Tamén se realizou cartelería, dípticos, cartas... para convocar ao pobo .



CREACIÓN	DIFUSIÓN
<p><b>DIFERENCIANDO O PATRIMONIO MATERIAL DO INMATERIAL</b></p>	<p><a href="http://vagalumes.net/2019/01/04/comeza-un-proxecto-patrimonio-inmaterial/">http://vagalumes.net/2019/01/04/comeza-un-proxecto-patrimonio-inmaterial/</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/924">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/924</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/998">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/998</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/03/05/coloreo-cedeira/">http://vagalumes.net/2019/03/05/coloreo-cedeira/</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/979">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/979</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/940">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/940</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/926">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/926</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/04/16/espazo-argalleiro-obradoiro-coas-familias/">http://vagalumes.net/2019/04/16/espazo-argalleiro-obradoiro-coas-familias/</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/906">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/906</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/905">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/905</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/04/02/interactivos-2o-t/">http://vagalumes.net/2019/04/02/interactivos-2o-t/</a></p>
<p><b>PROCESO DE LAVADO NAS FONTES OU RÍOS</b></p>	<p><a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/996">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/996</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/969">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/969</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/965">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/965</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/947">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/947</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/05/23/debate-radiofonico-lavado-na-fonte-ou-na-lavadora/">http://vagalumes.net/2019/05/23/debate-radiofonico-lavado-na-fonte-ou-na-lavadora/</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/946">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/946</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/945">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/945</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/04/10/patrimonio-inmaterial-rutinas-de-pensamento/">http://vagalumes.net/2019/04/10/patrimonio-inmaterial-rutinas-de-pensamento/</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/04/16/patrimonio-inmaterial-facendo-o-molido-e-carretando-coa-roupa/">http://vagalumes.net/2019/04/16/patrimonio-inmaterial-facendo-o-molido-e-carretando-coa-roupa/</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/929">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/929</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/922">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/922</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/03/14/lavandeiras-proceso-de-lavado-patrimonio-inmaterial/">http://vagalumes.net/2019/03/14/lavandeiras-proceso-de-lavado-patrimonio-inmaterial/</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/03/05/o-proceso-de-lavado-nas-fontes/">http://vagalumes.net/2019/03/05/o-proceso-de-lavado-nas-fontes/</a></p>
<p><b>ALIMENTACIÓN NO CASTRO SARRIDAL</b></p>	<p><a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/966">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/966</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/959">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/959</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/948">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/948</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/05/23/podcast-a-vida-diaria-no-castro-sarridal-na-radio-experimental/">http://vagalumes.net/2019/05/23/podcast-a-vida-diaria-no-castro-sarridal-na-radio-experimental/</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/944">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/944</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/05/04/castro-sarridal-proxecto-patrimonio-inmaterial/">http://vagalumes.net/2019/05/04/castro-sarridal-proxecto-patrimonio-inmaterial/</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/04/05/radio-experimental/">http://vagalumes.net/2019/04/05/radio-experimental/</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/04/16/animais/">http://vagalumes.net/2019/04/16/animais/</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/04/16/lectura-zen/">http://vagalumes.net/2019/04/16/lectura-zen/</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/04/16/ciencias-naturais/">http://vagalumes.net/2019/04/16/ciencias-naturais/</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/04/16/patrimonio-inmaterial-a-reflexion-provoca-un-debate-radiofonico/">http://vagalumes.net/2019/04/16/patrimonio-inmaterial-a-reflexion-provoca-un-debate-radiofonico/</a></p>
<p><b>BAILES E CANCIÓNS TRADICIONAIS</b></p>	<p><a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/994">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/994</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/973">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/973</a>  <a href="http://vagalumes.net/2019/04/16/patrimonio-inmaterial-muneirada/">http://vagalumes.net/2019/04/16/patrimonio-inmaterial-muneirada/</a></p>
<p><b>RAPETA (arte de pesca)</b></p>	<p><a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/977">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/977</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/1002">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/1002</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/1000">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/1000</a></p>
<p><b>EXPOSICIÓN E ACTO FINAL</b></p>	<p><a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/995">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/995</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/1001">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/1001</a>  <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/993">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/node/993</a></p>

# I- AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVES DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.



Amósase unha táboa cos procedementos e instrumentos de avaliación máis relevantes, pois a amplitude do proxecto fai complicada a avaliación se non limitamos os criterios, seleccionando os máis relevantes tendo en conta a idade do alumnado.

AVALIACIÓN "PEGADA NA IAUGA" PATRIMONIO INMATERIAL: A SEMENTE								
APRENDER A APRENDER CAA	COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA CSC	COMPETENCIA LINGÜÍSTICA CCL	COMPETENCIA DIXITAL CD	SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR CSIEE	CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS CCEC	COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA CMC	PROCEDEMENTO	INSTRUMENTO
B1.1. Realizar un traballo de investigación ... amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.		B1.1. Realizar un traballo de investigación ... amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.	B1.1. Realizar un traballo de investigación ... amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.			B1.1. Realizar un traballo de investigación ... amosando actitudes de cooperación, participación e respecto.	Análise das producións dos alumnos e alumnas	Producións orais e autoavaliacións individuais e grupais
B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, ... característicos dos medios de comunicación.	B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, ... característicos dos medios de comunicación.	B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, ... característicos dos medios de comunicación.		B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, ... característicos dos medios de comunicación.	B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, ... característicos dos medios de comunicación.		Observación sistemática	Rúbrica e man autoinstrucións
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento ... comunicando sensacións, emocións e ideas.	B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento ... comunicando sensacións, emocións e ideas.			B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento ... comunicando sensacións, emocións e ideas.	B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento ... comunicando sensacións, emocións e ideas.		Análise das producións dos alumnos e alumnas	Xogos de simulación e dramáticos
	B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.				B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical.		Observación sistemática	Diarios de clase
B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.		B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.	B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.	B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.	B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe.		Intercambios orais cos alumnos e alumnas.	Diálogo



Nesta sociedade na que impera a información, o noso alumnado tivo moitas dificultades para tratala e entendela. Nas súas buscas prima a inmediatez, así as nosas orientacións foron encamiñadas a dar pautas que os axudasen a ser críticos e **contrastar** a información.

Priorizamos a competencia lingüística. Así, coas asembleas e as mesas redondas semanais, aprenderon a falar sen medo ao erro. Hoxe saben que sen el non hai coñecemento. Adicámonos con mimo á escrita de diversos tipos de texto, comezando cos borradores onde se correxiron por parellas e dialogaron sobre os seus erros, así melloraron na escrita e na oralidade.

Compartimos a prioridade coa competencia dixital, onde foron capaces de seleccionar un número

pequeno de páxinas e aplicacións do noso interese que aportaban información fiable e coherente. Innovaron traballando as competencias STEAM e Informacional ([radio](#), [tv](#), [folletos](#), [obradoiro de xabón](#), [lavado na fonte](#)...).



E crearon, vaia se crearon. Foron quen de transmitir algunhas das expresións, coñecementos e técnicas que pasan de avós e avoas aos fillos/as, netas/os e que todos sentimos como identidade cultural. Hoxe son quen de salvagardar o noso patrimonio inmaterial, e traballan para ser competentes na Conciencia e Expresións Culturais. Fixérono amodiño, con tenrura, da man das súas [avoas](#) e avós, das xentes da vila e da atenta mirada e orientación da mestra. Somos conscientes de que aínda queda moito por andar.

Os mestres tamén temos que seguir nesa formación, este ano recibimos un PFPP sobre robótica, entre outros, pero queda moito por afondar nun mundo onde as novas tecnoloxías son a primeira fonte de información á que acode o noso alumnado.


Polo que respecta aos procedementos e instrumentos empregados quedan reflectidos na [táboa](#). A avaliación da escrita merecía unha rúbrica e por suposto a autoavaliación do alumnado realizárona a través da [avaliación da autoinstruccións](#) de historias, onde unhas pistas os guían para facelo ben e os axudan a reflexionar sobre o seu desempeño (deseñadas por <https://www.aulapt.org>). Para finalizar creamos unha [avaliación](#) online para que alumnado e familias valorara a aprendizaxe cooperativa con interactivos e así obter un feedback que nos axude a reflexionar e mellorar.

PRODUCIR TEXTOS CON INTENCIONS COMUNICATIVAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	+	EXCELENTE	BEN	SUFICIENTE	INSUFICIENTE	-
CONTIDO		Todas as ideas que se presentan teñen relación directa co tema e están presentadas con claridade.	Case todas as ideas que se presentan teñen relación directa co tema e se presentan con bastante calidade.	Unha boa cantidade das ideas que se presentan teñen relación co tema. Pero deben presentarse con maior claridade.	As ideas teñen pouca ou ningunha relación co tema, están pobremente definidas e non son claras.	
COHESIÓN		As ideas e a sintaxe preséntanse nunha orde lóxica.	As ideas e a sintaxe seguen unha orde lóxica, aínda que algunha oración é excesivamente longa. (*)	As ideas non seguen unha orde lóxica.	As ideas non se presentan nunha orde lóxica e presenta oracións incompletas.	
ORTOGRAFÍA		Non ten erros ortográficos.	Ten moi poucos erros e ningún se refire á maiúscula nin ao punto.	Presenta bastante erros ortográficos, pero ningún se refire ao punto nin á maiúscula.	Ten moitos erros ortográficos.	
PRESENTACIÓN		Cumpre con todos os requisitos: marxes, letra lexible, limpeza e creatividade.	Cumpre cos primeiros tres requisitos: marxes, letra lexible e limpeza.	Non cumpre cos tres requisitos básicos.	Non cumpre case ningún requisito.	

(\*) Fai perder a lectura. Cando un alumno/a queda fóra de eses criterios por riba ou por debaixo é un indicador de que hai que adaptar os contidos para ese rapaz/a.

Rúbrica da produción de textos



Detalle da porcentaxes de colaboración nos grupos cooperativos dos interactivos coas familias

## J- FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO:

Este proxecto xermolou xa no curso pasado, onde os mestres de ambos centros compartimos o espazo común das bibliotecas e tivemos a oportunidade de coñecer a nosa forma de ensinar, de facer. As bibliotecas únense así, unha vez máis, motivadas polo interese dun ensino respectuoso coas nenas e os nenos, cos seus [tempos](#), as súas [motivacións](#) e [intereses](#). Así naceu e medrou “[Pegadas na iauga](#)” dentro das liñas prioritarias do Plambe e enmarcado no currículo cedeirés.

A biblioteca brindou un **ambiente** para a conversa, un **espazo** informativo no que colaboramos todos (alumnado, familias, aturuxeiras e o pobo en xeral), unha **área** para aportar ideas e novos puntos de vista. Un **espazo** rico, no que se optimizaron os recursos dispoñibles para argallar e cunha colección diversa que apoia ao proceso de ensino aprendizaxe. Durante un curso, foi a nosa aula, o lugar das nosas pegadas na iauga, o espazo onde todo cobra valor

A continuidade no Plan LÍA está en grande medida ligada a estes avances nos recursos e no espazo da biblioteca, o cambio é a palabra que mellor define o proceso sufrido e do que este alumnado foi protagonista e primeiro beneficiario. Nas nosas mans e nas deles está sacarlle o máximo proveito.

Como sinala o [IFLA/UNESCO](#) School Library Manifesto 1999: “A biblioteca escolar oferta servizos de aprendizaxe, libros e outros recursos que permiten a todos os membros da comunidade escolar forxarse un pensamento crítico e utilizar eficazmente a información en calquera formato e medio de comunicación”.



Foto 15: Dramatización molido e carretado roupa.



Foto 16: Difusión coas familias e o pobo.



Foto 17: Aplicacións nos ipads.



Foto 18: Radio Experimental

A biblioteca ten hoxe en día un grande labor de servir de ponte cara ao mundo exterior, comunicando e difundindo as investigacións do alumnado, para que estas voen máis aló dos blogues das aulas e das opinións das familias.

Para nós a biblioteca Carlos Labraña foi un gran laboratorio creativo de aprendizaxe que permitiu convivir cos libros, a tecnoloxía e o patrimonio oral das nosas xentes.



Foto 19: Dramatización lavado nas Saiñas.



Foto 20: Rapeta con Jose de Vigo.



Foto 21: Tirando da rapeta.



Foto 22: Muiñeirada.

María Dulcenombre Carro Etchepare.

Titora de 3º A e membro da equipa de Dinamización da Biblioteca Escolar Carlos Labraña.

Cedeira, 9 de Xullo de 2.019.

